

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

PLAN CURSO 2021-2022

IES R. MENÉNDEZ PIDAL

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

- 1.-Xustificación
- 2.-Características do centro
- 3.-Obxectivos
- 4.-Planificación xeral
- 5.-Calendario
- 6.-Estratexias de intervención
- 7.-Recursos humanos
- 8.-Criterios de avaliación do plan

I-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.-PLAN XERAL

1.1.- Obxectivos xerais

- 1.1.1.-En relación co alumnado
- 1.1.2.-En relación co profesorado
- 1.1.3.- En relación coas familias

1.2.- Actividades

- 1.2.1.- Actividades co alumnado
- 1.2.2.- Actividades entre o profesorado
- 1.2.3.- Actividades coas familias
- 1.2.4.- Actividades coa comunidade educativa e co entorno

1.3.- Recursos

- 1.3.1.- Persoais
- 1.3.2.- Materiais
- 1.3.4.- Organizativos

1.4.-Temporalización

1.5.-Avaliación

2.-PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO

3.-PROGRAMA DE MEDIACIÓN

4.1.-Obxectivos

4.2.- Servizo de mediación

4.2.1.- Fases.

5.-PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

5.1.-Obxectivos

5.2.-Bloques de contido

5.3.-Actividades

5.4.-Alumnado ao que vai destinado

5.5.-Metodoloxía

5.6.-Materiais

5.7.-Avaliación

II-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.-Obxectivos

2.-Actividades

2.1.- Medidas preventivas

2.2.- Medidas curriculares

2.3.- Medidas organizativas

3.- Recursos

4.-Avaliación

III-PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

1.-Obxectivos

2.-Alumnado ao que vai dirixido

3.-Actividades propostas

4.-Calendario

5.-Metodoloxía

6.-Materiais utilizados

7.-Recursos humanos

8.-Avaliación

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.-XUSTIFICACIÓN

Este plan vai ser a guía principal das actividades a desenvolver por este Departamento.

As liñas de actuación serán moi similares ás dos cursos precedentes.

2-CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

GRUPOS DE ALUMNADO

Neste curso o alumnado escolarizado distribúese deste xeito:

- 4 grupos de 1º da ESO
- 4 grupos de 2º da ESO
- 4 grupos de 3º da ESO
- 3 grupos de 4º da ESO.
- 3 grupos de 1º de Bacharelato
- 3 grupos de 2º de Bacharelato
- 1 grupo de CM de Comercio e Markéting
- 2 grupos de CS
- FP dúal de GM e GS.

INSTALACIÓNS

Aulas: 27 aulas de clase
4 de desdobre
2 de idiomas (inglés)
182 no primeiro trimestre) de pedagogía terapéutica
2 de debuxo e plástica
1 de tecnoloxía

Laboratorios: 1 de bioloxía e xeoloxía
1 de física
1 de química

Informática: 2 aula de Secundaria
3 aulas de informática e internet dos Ciclos

Biblioteca-Mediateca con máis de 8.000 volumes en papel e soportes audiovisuais

Pavillón de deportes

Ximnasio

Departamentos (1 local para cada un dos 23 departamentos)

Oficinas: Para o labor administrativo, o centro dispón dunha Secretaría, despacho de Dirección, despacho de Vicedirección, de Xefatura de Estudos, de Secretaría. Tamén para desenvolvemento do ámbito da Orientación cóntase cun despacho para a implementación das correspondentes actividades e reunións así como un espazo para a coordinación das persoas titoras.

Cóntase ademais dunha Sala do Profesorado, Conserxería, e outras dependencias de almacenamento.

ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS:

Bacharelatos:

- a) O Ciencias
- b) O de Humanidades e Ciencias Sociais, con dous itinerarios distintos dende 1º:
 - Humanidades
 - Ciencias Sociais

Ciclos formativos:

Os Ciclos formativos que se imparten son da Familia de Comercio e Márketing:

CENTROS DE PRIMARIA DA ZONA:

Tanto o CEIP Curros Enríquez, o CEIP Zalaeta e o CEIP Víctor López enviánnos o seu alumnado unha vez rematan E. Primaria. Recibimos tamén moito alumnado do CEIP Sanjurjo de Carricarte e do CEIP Montel Touzet.

3.-OBJECTIVOS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

- Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe do alumnado do centro, tanto a través de medidas ordinarias como extraordinarias.
- Incidir na acción tutorial, principalmente na ESO , pero tamén nos bacharelatos e nos ciclos.
- Axudar na orientación académica e profesional.
- Coordinación dos diferentes estamentos educativos do centro.
- Fomentar a colaboración familia-centro educativo.
- Asesoramento e coordinación cos centros que envían alumnado ao noso IES.
- Axuda na elaboración e revisión dos documentos educativos do centro.

4.-PLANIFICACIÓN XERAL

As actividades que nos plantexamos en principio son:

- 1.- Actividades de presentación e acollida do novo profesorado do centro.
- 2.- Elaboración do Plan de Atención á Diversidade. Realización das avaliacións psicopedagóxicas oportunas e propostas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (PAD).
- 3.- Elaboración do Plano de Acción Tutorial, facilitando ao profesorado titor materiais e estratexias de axuda no seu labor: plano de acollida, cuestionarios.... (PAT)
- 4.- Plano de Orientación Académica e Profesional (POAP).
- 5.- Asistencia e asesoramento nas reunións de avaliación.
- 6.- Dinamización da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 7.- Participación nas diferentes campañas transversais, nos programas de innovación e programas europeos que se realicen no centro.
- 8.- Asegurar a conexión do centro co contorno: relacións con equipos específicos, centros dos que procede o noso alumnado, asistencia social, Concello, ONGs...
- 9.- Seguimento e asesoramento dos Programas de Mellora da Aprendizaxe e o rendemento.
- 10.- Avaliación do plano anual e propostas para o vindeiro curso.

5.-CALENDARIO

O primeiro trimestre será fundamentalmente de consolidación do equipo do Departamento e avaliación inicial de necesidades do alumnado e profesorado.

Poñeranse ademais en funcionamento o Equipo de Mediación de Conflitos.

No segundo e terceiro trimestre terá especial incidencia a orientación académica e profesional, tamén a participación nas campañas transversais.

En cada un dos planos específicos detállanse as actividades e a temporalización.

6.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

Unha vez creado o Departamento estableceranse reunións semanais no centro e as prescriptivas (unha por trimestre), ás que estarán invitadas as persoas responsables do Departamento de Orientación dos centros da nosa área de influencia. Nestas reunións planificarase o traballo a desenvolver así como as responsabilidades de cada quen na posta en marcha do presente plano.

O primeiro momento será de detección de necesidades e propostas de solucións cos recursos cos que contamos.

A xefa do departamento manterá reunións semanais de coordinación co Equipo Directivo, coa especialista en Pedagogía Terapéutica, coa xefa de estudos e coas persoas titoras.

Tamén se levarán a cabo contactos cos Servizos Sociais, Equipo de Saúde Mental, Servizos de Atención ao Menor, Concello, ONGs... ou con calquera outra institución que posibilite a mellor orientación do alumnado.

7.- RECURSOS HUMANOS

Este curso formará parte do Departamento o profesorado seguinte:

María Xosé Bravoxefa do Departamento

Ana Isabel López Barral..... profesora de Pedagogía Terapéutica

Patricia Balboa Barral profesora de Pedagogía Terapéutica ARCO

8.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Avaliaremos os obxectivos propostos e tamén os procesos postos en marcha para a súa execución.

Usaremos como técnicas: a observación, cuestionarios ás distintas persoas participantes e a recollida de opinións cualificadas.

Especificamos criterios diferentes para as distintas partes do plano:

- Calidade dos apoios ás necesidades educativas especiais
- Apoios recibidos polo profesorado para levar a cabo a acción tutorial.
- Grao de satisfacción do profesorado titor e do alumnado.
- No plano de orientación académica e profesional interesará sobre todo a eficacia das propostas desenvolvidas.

A continuación aparece a programación das distintas actuacións a levar a cabo: PAT, PAD, POAP, tal como se conciben neste momento, resaltando que son totalmente abertas e que teñen que ser consensuadas co profesorado e aprobadas na CCP polo que poden sufrir modificacións significativas.

Dentro do PAT incluímos outros planes e programas: de acollida do alumnado e profesorado, Plan de Habilidades Sociais e Plan de Mediación.

ANEXOS

I.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.-PLAN XERAL

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

- A orientación escolar e profesional é un dereito do alumnado e unha dimensión formativa que implica a todo a profesorado.
- A persoa titora é a coordinadora do equipo de profesores e profesoras e o eixo vertebrador de todas as accións dirixidas ao grupo-clase.
- As actividades de orientación son compartidas por todo o equipo docente, pero concréntanse no momento das reunións da persoa titora co seu alumnado.
- As actividades de orientación referiranse a:
 - coñecemento das aptitudes, intereses, e aspectos da personalidade do alumnado que incidan no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - identificación e corrección de dificultades escolares.
 - información e asesoramento sobre posibilidades de continuación de estudos ou de acceso ao mundo laboral.
 - coordinación do labor educativo do equipo docente.
 - creación dun clima de mutuo respecto, comunicación e cooperación.

O Departamento de Orientación coordinará e facilitará a realización de todas as tarefas citadas.

1.1..-OBXECTIVOS XERAIS

1.1.1.- -EN RELACIÓN CO ALUMNADO:

- 1.-Coñecemento do alumnado en todos aqueles aspectos que inflúan no seu rendemento escolar.
- 2.-Axuda na integración no centro, no grupo clase e nas actividades escolares, principalmente nos cursos que comezan ciclo.
- 3.-Creación dun clima de cooperación, comprensión e respecto dentro do grupo-clase e deste co resto do centro.
- 4.-Axuda en grupo e individual ao alumnado nas súas tarefas escolares con especial dedicación ao que presenta necesidades educativas especiais.
- 5.-Asesoramento e información sobre as posibilidades académicas ou profesionais que se lle presentan ao alumnado, sobre todo nos cursos finais de ciclo.

1.1.2.--EN RELACIÓN CO PROFESORADO

- 1.-Camiñar cara a unificación de criterios en canto a obxectivos e metodoloxía.
- 2.-Fixar de criterios de avaliación.
- 3.-Preparar, coordinar e valorar as sesións de avaliación.
- 4.-Dotar ao profesorado de estratexias para traballar na titoría .
- 5.-Acadar unha boa coordinación vertical e horizontal, especialmente na ESO

1.1.3.-EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

- Fomento das entrevistas individuais periódicas, sobre todo coas do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Informacións mediante charlas, obradoiros....

1.2.-ACTIVIDADES

1.2.1.-ACTIVIDADES CO ALUMNADO

Actividades comúns a todo o alumnado do centro:

Plan de acollida: obxectivos, horario, plano de estudos, metodoloxía, avaliación, normativa do centro....

- Cuestionario de coñecemento de cada alumn@.
- Traballo para cohesionar o grupo.
- Elección de delegada/o.
- Reunión do Departamento de Orientación cos delegad@s.
- Cursiño de habilidades sociais.
- Diagnose dos hábitos de estudo que teñen.
- Discusión sobre factores condicionantes do estudo. Intentar obter compromisos persoais de cada alumn@ para mellorar as súas técnicas de traballo.
- Inicio ao estudo das técnicas de traballo intelectual.
- Participación nas campañas transversais que programe o centro.
- Preparación das sesións de avaliación.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Mellora do clima de convivencia. Sesións de prevención de maltrato entre iguais.

Actividades específicas para alumnado da ESO :

- Plan de acollida para todo o novo alumnado que favoreza a integración na aula e no centro.
- Técnicas de traballo intelectual (TTI)
- Test de intelixencia e sociométricos.
- Análise de desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Traballo sobre habilidades sociais.
- Co primeiro curso da ESO incidencia na necesidade de alimentación sá e equilibrada facendo unha semana de almozos no centro. Co de segundo unha sesión de recordo.
- Dinamización dos recreos con xogos que faciliten o exercicio físico.
- Prevención de drogodependencias: tabaco, alcohol...
- Actividades sobre Educación para a paz, consumo, educación vial, coeducación e educación afectivo sexual que melloren a educación emocional, autoestima e resolución pacífica de conflitos. Cursiño de mediación.
- Axuda na elección de optativas.
- Charlas sobre saídas académicas e profesionais (4º curso).

Actividades específicas para o alumnado que cursa Bacharelatos:

- Técnicas de estudo.
- Charlas sobre saídas académicas e profesionais
- Proceso de orientación para a elección de optativas.
- Información de carreiras universitarias a partir de cada un dos bacharelatos.
- Visitas a centros educativos e facultades, segundo os estudos que se cursen
- Charlas específicas
- Preparación da avaliación final
- Informacións sobre a selectividade

Actividades específicas para o alumnado que cursa FP-Ciclos Formativos:

- Charlas sobre saídas académicas e profesionais
- Información sobre as posibles opcións: traballo, estudos universitarios
- Análise do mercado de traballo na comarca e empregos a corto e medio prazo.

- Formación en técnicas de procura de emprego.
- Visitas a empresas.
- Charlas específicas.

1.2.2.-ACTIVIDADES ENTRE O PROFESORADO:

- Asistencia á sesión de avaliación inicial do mes de outubro.
- Asistencia participativa nas Xuntas de Avaliación.
- Reunións periódicas de cada titor/a co profesorado do seu grupo para coordinación.
- Reunións semanais das persoas titoras co Departamento de Orientación.
- Entrevistas sempre que xurda algún problema co alumnado.

1.2.3.-ACTIVIDADES COAS FAMILIAS :

-Charla colectiva ao inicio do curso para explicar características da adolescencia, hábitos saudables e axuda no estudo para todas as familias de alumnado da ESO.

-Charla persoal individualizada ao longo do curso, preferentemente no primeiro trimestre, empezando polas familias do alumnado máis necesitado de atención, alumnado con NEE e alumnado novo no centro.

1.2.4.-ACTIVIDADES COA COMUNIDADE EDUCATIVA E CO CONTORNO :

-Participación nas campañas transversais que programa o centro: Día da paz, Semana da muller traballadora, Día do medio ambiente, Campañas prevención drogodependencias, Europa, Constitución, en contra da violencia de xénero...

-Participación en actividades e programas do Concello de A Coruña a través do programa "Coruña Educa", da Cruz Vermella, Centro Xove, das diferentes Consellerías ou de ONGs....

-Reunións cos Departamentos de Orientación dos centros da zona.

1.3.-RECURSOS

1.3.1.-PERSONAIS

-Cada persoa titora e as que forman parte do Departamento de Orientación

1.3.2.-MATERIAIS

Usaranse todo tipo de materiais impresos ou audiovisuais publicados que consideremos axeitados. Ás veces usaremos os elaborados polo Departamento de Orientación.

O Departamento proporciona unha pequena guía de recursos a cada persoa titora ao inicio do curso.

1.3.3.-ORGANIZATIVOS

-Usarase basicamente a hora destinada a titoría para levar a cabo as actividades co alumnado.

-Haberá reunións periódicas coas persoas titoras-Departamento de Orientación para presentar o plano, facer o seguimento e para avalialo. Tamén todas as necesarias para levalo adiante.

1.4- TEMPORALIZACIÓN

-O primeiro trimestre desenvolveranse as actividades de coñecemento, consolidación do grupo, habilidades sociais e técnicas de traballo intelectual.

-No segundo trimestre preferentemente as actividades ligadas aos temas transversais e inicio das que teñen que ver coa orientación académica.

-No terceiro trimestre ademais de continuar coas temáticas iniciadas nos dous trimestres anteriores, dedicaranse máis sesións á orientación académico- profesional.

Especifícase máis adiante un calendario dos principais temas a traballar na ESO.

1.5.- AVALIACIÓN

Prantexámonos facer unha avaliación continua, de xeito que utilizaremos os resultados acadados para ir axeitando a programación.

Avaliaremos os obxectivos propostos de forma realista, pero tamén con xenerosidade e entusiasmo.

Usaremos os cuestionarios que vaiamos preparando e os intercambios de opinións como técnicas avaliativas.

Calendario de actuaciones PAT:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Cohesión grupo -Habilidades Sociais -TTI -Educación para a saúde: almorzos saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> -Cohesión grupo -Habilidades Sociais -TTI - Autoestima. -Resolución conflitos - Violencia de xénero 	<ul style="list-style-type: none"> -Cohesión grupo -Habilidades Sociais -TTI - Resolución conflitos - Violencia de xénero 	<ul style="list-style-type: none"> -Cohesión grupo - Habilidades Sociais -TTI - Traballo sobre tolerancia
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Resolución conflitos -Maltrato entre iguais-PAZ -Educación Ambiental 	<ul style="list-style-type: none"> -Sexualidade -Educación para a saúde: prevención drogodependencias (tabaco, alcohol) 	<ul style="list-style-type: none"> - Educación para a saúde: Alimentación Sexualidade 	<ul style="list-style-type: none"> -Prevención drogodependencias -Educación vial - Inicio POAP
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> -Prevención drogodependencias: tabaquismo, alcohol - 	<ul style="list-style-type: none"> -Coeducación: traballo doméstico -Sensibilización para a prevención da violencia de xénero: “Somos dous, eu tamén conto” -Educación sexual: as relacións amorosas 	<ul style="list-style-type: none"> -Autoestima: imaxe corporal -Educación para a saúde: sexualidade 	<ul style="list-style-type: none"> -Plan Orientación Académico Profesional

2.-PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO

Ante o inicio dun novo curso e pensando no alumnado que chega por primeira vez ao centro, parecen necesarias unha serie de actividades que preparen unha acollida cálida e sexan o inicio dunha boa convivencia. Trataríase de que desde o primeiro día o novo alumnado vexa o centro como algo próximo e que comece a ter confianza na persoa titora. Neste curso comezaremos cun programa de relaxación para o alumnado de 1º. Neste curso puxemos en funcionamento a titoría entre iguais para mellorar a acollida do alumnado novo. Coordínana desde a Comisión de convivencia.

PROPOSTA PARA A PRIMEIRA XORNADA:

1.-Presentación da persoa titora.

2.-**Presentación do alumnado:** previo ao paso de lista, e da maneira o máis informal posible, cada alumna ou alumno vaise presentando, dicindo por exemplo como lle chaman, onde viven, se coñecen a alguén do grupo... Tería como fin romper o xeo inicial de xeito que todas as persoas da aula falen desde o primeiro día.

3.- **Presentación do centro** sería unha breve información sobre:

- Diferentes estudos que se imparten (ESO, Bacharelatos, FP de comercio).
- Persoal que traballa no centro (profesores e profesoras, bedeis, administrativas, limpadoras).
- Acolle perto de 800 alumnos e alumnas.
- Ademais das aulas existen outra serie de dependencias e instalacións:
 - .Biblioteca
 - .Conserxería
 - .Secretaría
 - .Salón de actos
 - .Ximnasio
 - .Cafetería
 - .Departamentos didácticos e de orientación
 - .Dirección, Xefatura de estudos e Secretaría.

.Laboratorios, aulas de linguas, tecnoloxía, sociais, naturais, música, plástica, informática, audiovisuais....

- No centro tamén se desenvolven actividades extraescolares complementarias das que se irán dando noticia .

4.-As **funcións da titoría** poderán ser explicadas a continuación, informarase tamén sobre o horario e as normas básicas de convivencia.

5.- Resolución de dúbidas sobre as normas.

6.-**Coñecemento dos espazos** do centro: visita ás dependencias que vai ter que utilizar o alumnado.

7.-**Aclaracións** por parte da persoa titora das preguntas que tivera o alumnado sobre calquera das informacións dadas.

3.-PROGRAMA DE MEDIACIÓN

4.1.-OBXECTIVOS

O obxectivo xeneral é formar a un grupo de alumnos e alumnas voluntarios nas estratexias empregadas durante o proceso da mediación.

Para acadar este obxectivo plantexámonos os seguintes subobxectivos:

- Recoñecer os conflitos como parte natural da vida e como posibilidade de aprendizaxe e crecemento persoal.
- Adquirir habilidades de comunicación aberta e efectiva.
- Participar activa e responsablemente na construción da paz.
- Abordar a negociación cooperativa como paso á mediación.
- Analizar as vantaxes do traballo de mediación.
- Coñecer a aplicar cada fase da mediación escolar no instituto.

4.2..-SERVIZO DE MEDIACIÓN

Concepto

A mediación trátase dunha forma de resolver conflitos entre dúas ou máis persoas con axuda dunha terceira persoa: a mediadora, que busca satisfacer as necesidades das partes en conflito, regulando e conducindo o proceso de comunicación, de xeito que (se as partes colaboran) é posible chegar a unha solución na que ambas queden satisfeitas.

A mediación busca sempre unha mellora na relación, un pacto de mutuo respecto. Ten que ser aceptada voluntariamente por ambas partes.

Máis que unha técnica para axudar a resolver conflitos, é unha forma de entender as relacións persoais.

Baséase na perspectiva construtiva da resolución de conflitos que ten como sinais diferenciadores:

- Hai que ser responsables das consecuencias dos nosos actos e reparar os danos producidos
- O sentido da xustiza está orientado a analizar causas e a buscar formas de mellora nas relacións e cambiar comportamentos e actitudes
- Coa negociación entre as partes podemos acadar acordos que faciliten a convivencia.

A mediación é voluntaria, é confidencial, e está baseada no diálogo e a colaboración.

Equipo de mediación

O equipo de mediación está formado polas persoas que teñen como misión a negociación dos conflitos

4.3.-FASES DUN PROCESO DE MEDIACIÓN

FASES	OBXECTIVO	FORMA DE DESENVOLVELA POLO EQUIPO DE MEDIACIÓN
<p>1. PREMEDIACIÓN</p> <p>Fase previa á mediación propiamente dita</p>	<p>Crear condicións que faciliten o acceso á mediación</p>	<p>Actuación do alumado mediador:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentacións. - Falar coas partes por separado para que nos conten a súa versión (ventilar o conflito). - Explicar o proceso: regras e compromisos. Importancia da súa colaboración. <p>Determinar se:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A mediación é apropiada para o caso. - Son necesarias outras actuacións previas á mediación: novas entrevistas individuais, falar con outras persoas relacionadas co conflito. - As partes están dispostas a chegar á mediación. - O espazo e o tempo son os máis favorables á mediación. - A elección polas partes das e dos mediadores é adecuada..
<p>2. PRESENTACIÓN E REGRAS DE XOGO</p> <p>Quen somos Como vai ser o proceso</p>	<p>Crear confianza no proceso</p>	<p>Actuación do alumado mediador:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentacións persoais. - Explicar brevemente como vai ser o proceso: Obxectivos. Expectativas. Papel do alumado mediador. - Recordar a importancia da confidencialidade e da súa colaboración, sendo persoas honestas e sinceras. - Aceptar unhas normas básicas: Non interromperse. Non utilizar linguaxe ofensiva. Non descualificar á outra persoa. <p>Ter previsto</p> <ul style="list-style-type: none"> - Espazo, tempo, papel para notas, coordinación entre alumado mediador.
<p>3. CÓNTAME</p> <p>Que pasou</p>	<p>Poder expoñer a súa versión do conflito e expresar os seus sentimentos</p>	<p>Actuación do alumado mediador</p> <ul style="list-style-type: none"> - Crear un ambiente positivo e controlar o intercambio de mensaxes. - Xerar pensamento sobre o conflito. Obxectivos persoais no conflito e outras formas de alcanzalos, sentimentos persoais e da outra parte. - Explorar con preguntas e parafraseo o verdadeiro problema, non o detalle. - Animar a que conten máis, a que desafoguen, evitando a sensación de interrogatorio. - escoitar atentamente as preocupacións e sentimentos de cada parte, utilizando técnicas como as de mostrar interese, clarificar, parafrasear, reflectir o sentimento, resumir... - Axudar a poñer sobre a mesa os temas importantes do conflito. - Non valorar, nin aconsellar, nin definir o que é verdade ou mentira, nin o que é xusto ou

		<p>inxusto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prestar atención tanto aos aspectos do contido en si do conflito como a relación entre as partes. - Apoiar o diálogo entre as partes. Recoñecer sentimentos e respectar silencios.
<p>4. ACLARAR O PROBLEMA</p> <p>Onde estamos</p>	<p>Identificar en que consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes</p>	<p>Actuación do alumado mediador :</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asegurar a conformidade das partes sobre os temas a tratar para avanzar cara a una solución ou transformación positiva do conflito. - Conseguir unha versión consensuada do conflito. - Concretar os puntos que poidan desbloquear o conflito e avanzar cara a un entendemento e acordo. - Tratar primeiro os temas comúns e de máis fácil solución, pois crea confianza e mantén o interese. - Explorar os intereses subxacentes ás posicións e dirixir o diálogo en termos de intereses.
<p>5. PROPOÑER SOLUCIÓN</p> <p>Como saímos</p>	<p>Tratar cada tema e buscar posibles vías de amaño</p>	<p>Actuación do alumado mediador</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar a espontaneidade e creatividade na busca de ideas ou solucións. (Chuvia de ideas). - Explorar o que cada parte está disposta a facer e o que lle pide a outra parte. - Resaltar os comentarios positivos dunha parte sobre a outra. - Pedirlles que valoren cada una das posibles solucións. - Solicitar a súa conformidade ou non coas distintas propostas.
<p>6. CHEGAR A UN ACORDO</p> <p>Quen fai que, como, cando e onde</p>	<p>Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades de cada unha, e chegar a un acordo</p>	<p>Actuación do alumado mediador</p> <ul style="list-style-type: none"> - Axudar ás partes a definir claramente o acordo. - Ter en conta as características que deben cumprir os acordos entre as partes: <ul style="list-style-type: none"> - Equilibrado. - Claro e simple. - Realista-posible. - Aceptable polas partes. - Específico e concreto. - Avaliable. - Que manteña expectativas de mellora da relación. - Redactado por escrito, así se evita esquecelo e as malinterpretacións e facilítase o seguimento. - Felicitar ás partes pola súa colaboración. - Facer copias do acordo para cada parte e arquivar o orixinal.

5.-PROGRAMA DESENVOLVEMENTO HABILIDADES SOCIAIS

O presente programa pretende ser unha guía que desenvolva, na medida do necesario, as habilidades sociais de todo o alumnado do centro, pero máis especificamente naquel máis necesitado, que presenta problemas de convivencia e non é quen de resolvelos de forma axeitada.

Existen condutas que favorecen a resolución de conflitos de forma pacífica: saber escoitar, saber defender a posición de cada un respectando os sentimentos da outra persoa, saber pedir perdón cando se comete unha falta.

Por outra banda, hai condutas que entorpecen a resolución de conflitos, como os insultos, as ameazas e xeneralizacións.

A aprendizaxe das habilidades sociais e de comunicación son fundamentais para resolver os conflitos de forma pacífica.

As Habilidades Sociais poden definirse coma un “Conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersoal que expresa os seus sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dun modo adecuado á situación, respectando esas condutas nos demais e que, xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidade de futuros problemas” (Caballo, 1986).

Supoñen un conxunto de ferramentas para as relacións interpersoais que teñen unhas características:

- Adquírense na interacción social, non son innatas
- **Comprenden condutas verbais e non verbais**
- **Dependen do contexto e características do medio: situación, cultura, idade, xénero...**
- **Mantéñense por reforzo social**
- **Pódense cambiar, son modificables**
- Pódense aprender e evolucionan:
 - **Por experiencia directa (reforzo)**
 - **Observación e imitación de modelos**
 - **Aprendizaxe verbal**

5.1.-OBXECTIVOS

- Fomentar no alumnado unha autoestima positiva.
- Promover nel o desenvolvemento de habilidades de comunicación: escoita activa, expresión de sentimentos, asertividade, control e manexo da ira...
- Establecer relacións positivas coa autoridade.
- Ensinar a análise e resolución de conflitos de xeito pacífico.

5.2.-BLOQUES DE CONTIDO

Vanse traballar catro bloques fundamentais, que necesitan interactuar, abarcan diferentes tipos de habilidades sociais:

1- Habilidades de autoafirmación ou asertividade: Como somos. Eu mesm@s e os outr@s:

- A autoestima
- A resolución de conflitos e as habilidades sociais, para lograr obxectivos como:
 - Favorecer a distinción entre a propia imaxe e a que se recibe de nós.
 - Desenvolver actitudes de aceptación e tolerancia cara a un mesmo e os demais.

2.-Habilidades para a expresión de emocións e sentimentos:

- Desenvolver capacidades comunicativas.
- Aprender a analizar e expresar sentimentos
- Autocontrol e manexo da ira
- Aceptación da autoridade

3-Habilidades de comunicación (verbal e non verbal) Como nos relacionamos?:

- Analizar distintos xeitos de relacionármonos.
- Potenciar o desenvolvemento de vínculos afectivos : empatía, amizade...
- Potenciar a resolución construtiva dos conflitos que poidan exporse nas relacións interpersoais do aula.

4- Habilidades de “afrontamento das situacións” :Vivir en grupo

- Favorecer o desenvolvemento de actitudes de diálogo, tolerancia e cooperación dentro do grupo.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver actitudes de respecto e valoración cara a outr@s grupos, costumes e valores.

5.3.-ACTIVIDADES

Algunhas das principais xuntámolas nun anexo, as actividades máis específicas prepáranse individualmente segundo o requira as necesidades do alumnado e tomando como base os materiais reseñados.

5.4.-DESTINATARI@S

O programa trabállase máis especificamente en primeiro da ESO, durante o primeiro trimestre, pero ten especial aplicación co alumnado que vai frecuentemente á aula de convivencia ou con aquel que está sancionado coa perda de escolaridade durante uns días. Dependendo da causa da expulsión traballárase con ese alumnado a parte do programa de HHSS que se adapte máis ás súas circunstancias.

5.5.-METODOLOXÍA

Proponse unha metodoloxía activa, participativa, que suscite a reflexión, o diálogo e a comunicación.

O proceso didáctico organízase a partir dun conxunto de actividades relacionadas entre si e cunha coherencia interna que nos permite traballar unha serie de habilidades que consideramos básicas para a resolución pacífica de conflitos. Basicamente faranse distintas dinámicas de grupo e algunha técnicas de entramento en habilidades sociais, principalmente:

1. Modelado: representación por parte da persoa titora dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade a entrenar sinalando os pasos condutuais que a compoñen
2. Xogo de roles: Asígnanse diferentes papeis ao alumnado para representar unha situación da vida cotiá na que hai que usar habilidades diferentes.

3. Retroalimentación: Pode realizarse tanto por parte da persoa educadora como do alumnado da clase e será fundamentalmente positiva , con comentarios construtivos, que constitúen na práctica un reforzamento.

4. Transferencia e mantemento: A transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas, e o mantemento das mesmas ante as distintas situacións que en diferentes contextos poidan producirse

É diferente cando se traballa en grupo na aula ou cando vai ser de xeito individual , nestes casos pode ser moi útil un sistema de economía de fichas.

5.6.-AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso para coñecer como se está a desenvolver e ir introducindo as modificacións oportunas para a mellora do programa. Participarán alumnado, profesorado e Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación xuntamente coas persoas titoras valorará os seguintes indicadores de comportamento:

1. O xeito de iniciar e manter conversacións e de escoltar ás demais persoas durante o transcurso da mesma.
2. A maneira de expresar e responder a manifestacións tanto positivas como negativas dunha forma axeitada.
- 3.- A diminución de chamadas de atención por parte do alumnado en contextos de comunicación non propicios e en momentos inadecuados.
- 4.- A forma de dirixirse as demais persoas e de establecer relacións interpersonais positivas con elas ao longo dos procesos de comunicación.
- 5.- A abordaxe de conflitos que aparecen na aula de xeito pacífico.

O alumnado recollerá no seu caderno de titoría os traballos realizados e a súa valoración dos mesmos.

Cando algún destes items sexa valorado de xeito negativo o alumnado que non o teña conseguido terá que facer máis traballo deses temas concretos.

II.-PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos ou estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de Ensino-Aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses.

1.-OBXECTIVOS

- Proporcionar ao alumnado unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o máis grande desenvolvemento persoal e social, especialmente ao que mostra algunha necesidade educativa especial..
- Asesorar e apoiar ao profesorado na atención á diversidade.
- Previr, detectar e dar resposta educativa (organización, metodoloxía, avaliación...) ás necesidades educativas.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de proporcionar respostas educativas axeitadas a todo o alumnado e especialmente ao que presenta NEE.
- Ofrecer a todo o alumnado, a través do PAT, as Técnicas de Traballo Individual e de organización e planificación do seu traballo persoal.
- Establecer e facilitar canles de comunicación entre o profesorado que traballa co alumnado con NEE.
- Asesorar ás familias do alumnado con NEE en aspectos que se consideren oportunos en relación ao seu desenvolvemento académico e persoal.
- Coordinarnos con institucións ou organismos externos ao centro que facilitan a integración do alumnado con NEE.

Na procura de que o maior número de alumnas e alumnos do noso centro poidan acadar os obxectivos da ESO, preparamos unha serie de medidas.

2.-ACTIVIDADES

As accións que propoñemos para este curso son as seguintes:

2.1.-Medidas preventivas

- Asesorar aos departamentos didácticos que o soliciten sobre a programación, criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, secuenciación de obxectivos e contidos e elaboración de ACIs.
- Contribuír a realizar unha avaliación inicial do alumnado que inclúa aspectos persoais e valoración das súas capacidades a fin de detectar alumn@s de risco, utilizando para elo, reunións periódicas coas persoas titoras e se fose o caso co resto do equipo docente.
- Especialmente en 1º da ESO é necesario facer unha diagnose rápida do alumnado que chega ao instituto e que precisa medidas de atención á diversidade, de aí que no primeiro trimestre propoñese:
 - o Solicitar dos Centros de Primaria dos que procede o alumnado os Informes Individualizados de Avaliación de final da Primaria.
 - o Analizar a documentación presentada polo alumnado para ver se nela consta algún tipo de referencia a programas de reforzo ou adaptacións curriculares recibidas en cursos precedentes. Contacto coas xefaturas dos Departamentos de Orientación para recabar datos.
 - o Entrevista persoal coas familias do alumnado que presenta NEEs.
 - o Aplicar nos primeiros meses a batería BADYG-Medio (Batería de Aptitudes Diferenciales y Generales).
 - o Facer a Avaliación Inicial en Outubro para, reunido o equipo docente de cada un dos cursos, contrastar toda a información que sobre o alumnado se poida ter. Desta reunión de avaliación inicial sairá o alumnado con problemas específicos que precisa apoios.
 - o O Departamento, xunto co profesorado do grupo implicado e o profesorado de Pedagogía Terapéutica, preparará un plan de actuación individualizado axeitado.

2.2.--Medidas Curriculares:

A través do Plano de Acción Titorial incidimos no coñecemento e seguimento persoal de cada alumn@. No Departamento danse propostas individualizada de solucións cando se detecta algún tipo de problema.

Elaboramos reforzos educativos para todo aquel alumnado que o precisa, despois da sesión de avaliación inicial que levamos a cabo no mes de outubro.

Reforzos de linguas, coñecemento do medio, inglés e física e química para o alumnado que os precise, concretamente para o alumnado inmigrante. Especial mención merece o traballo previsto de integración deste alumnado, colectivo do que temos cada curso un bo número de estudantes. Cando non coñecen as linguas castelá e galega e este descoñecemento lles impide ter normalizado o horario co seu grupo base, reciben clases de lingua diariamente ben coa profesora de PT ben co profesorado con horario dispoñible dos distintos departamentos.

O alumnado con NEE da ESO recibe apoio especializado por parte do profesora do de PT.

Elaboración de ACIs a aquel alumnado con desfase curricular de dous cursos.

2.3.--Medidas Organizativas:

Debemos indicar que é difícil a primeiros de curso saber con canto alumnado con necesidades especiais contamos posto que si ben xa temos diagnosticado o que estaba no centro, este ano temos novos alumnos e alumnas no que prevemos dificultades e que están sendo estudadas

As medidas que se están adoptando de Atención á diversidade pódense concretar en:

- Repetición ou permanencia no mesmo curso para aquel alumnado que non acadou os obxectivos do seu nivel e pode, por idade, beneficiarse desta medida.
- Seguimento individualizado, a través das xefaturas de departamento e o Departamento de Orientación, de todo o alumnado do centro con materias suspendidas de cursos anteriores e polo tanto pendentes.
- Establecemento de reforzos, sobre todo para o alumnado inmigrante.
- Programa de Mellora da aprendizaxe e o rendemento en 2º e en 3º.

-Calquera outra que o Departamento de Orientación e o equipo directivo acorden (desdobres, agrupamentos...) atendendo ás necesidades que se presenten e a dispoñibilidade horaria do profesorado.

No seu momento solicitaremos a participación nun CONTRATO PROGRAMA.

3.-RECURSOS

Como norma xeral, dende o Departamento de Orientación creemos que a mellor forma de intervir é dende dentro do mesmo grupo-clase e polo profesorado das diferentes materias. Cando isto non sexa posible, a seguinte estratexia será a de intervir dentro do mesmo grupo coa axuda da profesora de apoio.

O profesorado de P.T. forma parte do Departamento e é o principal recurso humano co que contamos para facer apoios ao alumnado con NEE, pero neste centro tamén se contemplan reforzos que realizan outros profesores e profesoras, segundo dispoñibilidade horaria.

O alumnado con NEE pode ser reforzado dentro ou fora da aula nas técnicas instrumentais básicas .

O material específico que o Departamento de Orientación vai empregar para tratar de axudar ao alumnado con NEE serán, basicamente, probas psicométricas (colectivas nun principio e logo, de ser o caso, individuais) de aptitudes e de trazos de personalidade así como escalas de observación para o profesorado. Contamos con multitude de materiais de TTI e de recuperación de aspectos concretos.

Tamén se terán entrevistas coas familias para ver a situación concreta en que se atopa cada alumno ou alumna e as respostas que dende as familias se poden dar.

4.-AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado con NEE vai ser continua, con tres fases diferenciadas:

-Inicial: Todo o alumnado con NEE terá unha avaliación diagnóstica inicial, empregando probas psicométricas cando fose preciso e contando sempre coas informacións do profesorado, a familia e calquera outra institución que estivese implicada no coñecemento do alumnado.

-Procesual : Ao longo do curso manterase un seguimento individualizado dos avances e atrancos de todo o alumnado con NEE. Nas reunións semanais entre o

profesorado de Pedagogía Terapéutica e a orientadora valorarase e faranse propostas para encamiñar o traballo a desenvolver con este alumnado. Este ano ademais contéplase reunións quincenais entre profesorado de matemáticas e de linguaxe co profesorado de apoio para ir axustando os apoios e reforzos.

-Final ou sumativa: Reflectiremos nun informe final todos os progresos e as necesidades de mellora do alumnado con NEE.

Polo que respecta á avaliación deste plan farase no marco do plan xeral.

CADRO XERAL PAD (Cuadro que iremos enchendo a medida que teñamos estudado o alumnado:

MEDIDAS		1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBAC	2ºBAC	CICLOS	PROFESORADO IMPLICADO
Apoios	Desfase curricular: fóra do grupo								
	Áreas	Castelán							
		Galego							
		Matemáticas							
Reforzos	Linguas								
	Matemáticas								
Flexibilización	Adianto dun curso								
	Enriquecemento								
NEE Profesorado PT	Con ACI								
	Sen ACI								
	Adaptación espazos- metodoloxía –avaliación- problemas motores								
Apoio Educativo Domiciliario									
OUTRAS MEDIDAS	Compensación social/integración cultural								
	Cambio actitudes/habilidades sociais								

III.-PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

1.-OBXECTIVOS:

-Axudar para afrontar a toma de decisións autónoma correspondente co nivel evolutivo e académico do alumnado.

-Colaborar no autoconñecemento do alumnado no que se refire a capacidades, intereses e actitudes.

-Contribuír ao coñecemento dos recursos profesionais-laborais e académicos da zona de A Coruña.

-Familiarizar ao alumnado con estratexias de busca de emprego, cos itinerarios académicos así como co procesamento da información que lle facilite a inserción socio-profesional.

-Facilitar información e asesoramento a todas as persoas titoras.

2.- Alumnado ao que vai dirixido neste curso:

-Alumnado dos centros adscritos que remata ensino primario

-3º ESO: A todos os grupos na elección de itinerarios

-A aquel alumnado que ten dificultades para acadar os obxectivos da ESO e que cumpre os 16 anos.

- Aos CURSOS QUE FINALIZAN ETAPA.

3.-ACTIVIDADES PROPOSTAS:

-O alumnado de sexto de primaria dos centros adscritos recibirán unha charla sobre o instituto, a elección de optativas e a Educación Secundaria. Tamén visitarán as dependencias do centro e terán unha mañá de convivencia co alumnado do primeiro ciclo da ESO. As familias poderán asistir á xornada de portas abertas que programa o instituto cada curso para darse a coñecer.

-Para 3º ESO:

.charlas:

1.-Orientación profesional non sexista

2.- Información sobre optatividade

.Orientación personalizada ao alumnado de 16 anos que quere abandonar o centro.

-Para 4º ESO:

.Charlas a realizar con todos os grupos na hora de tutoría durante os segundo trimestre

1.-Orientación profesional non sexista

2.-Sesión informativa do plano de orientación académica

-Estudo individualizado de capacidades, valores, intereses, hábitos de estudo, e rendemento académico.

-Entrevista persoal con cada alumna/o na que se estuda cada caso particular.

-**Toma de decisións:** Consello de orientación (tendo en conta aptitudes, intereses e rendemento académico)

-Charla coloquio ás familias sobre o sistema escolar actual e as saídas que presenta.

-Para Bacharelatos:

Charlas:

-Proba de acceso á Universidade

-Estudos posibles posteriores: FP , Universitarios...

-Para FP:

-Charla: Saídas académicas e profesionais ao rematar os estudos.

-Para todas e todos os que rematan estudos: asistencia ás mesas informativas sobre profesións e estudos do programa do Concello. Este curso ademais fanse visitas guiadas aos centros de estudo de formación profesional. O noso centro participa do programa informando e mostrando as ensinanzas de comercio.

4.-CALENDARIO:

Ver deseño do POAP un pouco máis adiante.

5.-METODOLOXÍA:

Sesións semanais das persoas titoras-Dto. de Orientación

Charlas informativas

Traballos na hora da titoría

Entrevistas persoais

Visitas a centros, mesas informativas do Concello...

6.-RECURSOS HUMANOS:

Persoas titoras

Membros Departamento de Orientación

Ponentes externos.

Persoal cualificado do Concello

8.-AVALIACIÓN:

O Departamento de Orientación xunto coas persoas titoras fará un seguimento das distintas actividades e irá reconducindo as accións para acadar os obxectivos propostos.

Ao remate das actuacións farase unha sesión extraordinaria de avaliación na que se analizarán as distintas fases do proceso e se introducirán propostas de mellora de cara ó curso vindeiro.

DESEÑO DO POAP

CURSOS	ACTIVIDADES EN GRUPO	ACTIVIDADES INDIVIDUAIS	PROCEDEMENTOS	MATERIAIS	CALENDARIO
-Alumnado 6º Primaria nos centros adscritos	-charlas informativa -visita ao instituto		- Entrega de documentos teórico-informativos - Envío de informacións ás familias	- Todos os documentos que se consideren oportunos ao caso	Terceiro trimestre
- 3º ESO	-Sesiões informativas, motivadoras e reflexivas		- Técnicas de exposición - Sesiões informativas - Entrega de documentos teórico-informativos	- Documentos informativos- Documentos teóricos (asesoramento sobre distintos itinerario académico/educativos/ laborais/....)	Segundo trimestre
- 4º ESO	-Orientación non sexista -Grupos de discusión -Sesiões informativas -Auto coñecemento -Charla: "Sistema escolar actual, diferentes opcións académicas e profesionais" para alumnado e para as familias - Asistencia xornadas do Concello -Conferencias. -Visitas.- ...	- Cuestionarios. - Entrevistas personais - Avaliación Psicopedagóxica - Consello orientador,....	- Metodoloxía activa facendo participe ao propio alumnado sobre o coñecemento da súa propia persoa. - Predominio da auto reflexión. - Traballo reflexivo e activo onde se deberá espertar no alumnado intereses e motivación, procurando superar momentos críticos e cristalizar intereses e vocacións. -Visitas ás diferentes mesas e paneis de información	- Cuestionarios (situación socio-familiar,cultural, aptitudes, intereses profesionais, personalidade,,auto estima,..) -Rexistros acumulativos. -Fichas de auto avaliación. - Documentos informativos precisos puntuais (sobre información de estudos posteriores...) - Todos os documentos que se consideren oportunos ao caso	A partir de febreiro.
- 1º 2º BACH	-Sesiões informativas - Asistencia xornadas do Concello -Conferencias. -Visitas.- ...	- Entrevistas estruturadas.	- Traballo reflexivo e activo onde se deberá espertar no alumnado intereses e motivación, procurando superar momentos críticos e cristalizar intereses e vocacións. -Visitas ás diferentes mesas e paneis de información	- Documentos informativos precisos puntuais (sobre información de estudos posteriores...) - Todos os documentos que se consideren oportunos.	A partir de febreiro.
- CICLOS FORMATIVOS	-Sesiões informativas - Asistencia xornadas do Concello -Conferencias. -Visitas.- ...	- Entrevistas - Sesiões informativas e de consello persoal.	- Traballo de forma cooperativa e participativa onde todo o alumnado posúa un papel activo no proceso. - Procurar en todo momento o contacto/ponte e relación co mundo socio-laboral. - Enfoque realista.	- Documentos informativos precisos puntuais (sobre información de estudos posteriores,..)... - Todos os documentos que se consideren oportunos.	Maio Xuño